


CASTRO DE FAZOURO

Castro: Castro de Fazouro
Localidade: Foz (Lugo)
Data escavación: 1963-1965

Localización:

Atópase en Foz (Lugo). O seu nome provén das palabras foz e ouro.



12



Algunha característica especial:

É un dos castros máis próximos ao mar. Este castro foi ocupado e abandonado numerosas veces.

Nun dos edificios de planta cadrada máis próximos ao mar apareceron, acaroados á parede exterior, nove chanzos que conducían a unha plataforma de pedra que debía facer de segundo andar.

Descrición do castro:

Predominan as construcións de planta cadrada con patios ou zonas de paso lousadas entre elas. Algunhas edificacións posúen bancos de pedra acaroados interiormente aos muros, que servían como lugar de descanso, área de traballo ou repisa. No centro das vivendas mantense o baseamento en pedra dun fogar.

13

